



SIMPOSIO ILG 2018
VARIEDADES LINGÜÍSTICAS EN CONTACTO NA PENÍNSULA IBÉRICA

12-14 de novembro de 2018
Salón de Graos, Facultade de Filoloxía
Universidade de Santiago de Compostela

CONFERENCIANTES

Alberto Gómez Bautista

Instituto Politécnico de Lisboa-ISCAL / Centro de Línguas Literatura e Culturas da Universidade de Aveiro


Breve CV: Alberto Gómez Bautista é Doutor en Filoloxía Románica (Universidade Complutense de Madrid) coa tese *El Mirandés: historia, contextos y procesos de formación de palabras*, Mestre en Tradución (Universidade de Vigo), licenciado en Filoloxía Portuguesa (Universidade de Salamanca). Foi lector MAEC_AECID na Universidade de Aveiro. Actualmente, profesor adxunto convidado no ISCAL (Instituto Superior de Contabilidade e Administración de Lisboa – Instituto Politécnico de Lisboa) e investigador no Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro.

Título da conferencia: *Mirandés e portugués: linguas en contacto*

Resumo

Mirandés e portugués conviven dende hai séculos no extremo nordeste de Portugal, na rexión de Trás-os-Montes, nunha parte expresiva do territorio da histórica rexión da Terra de Miranda. Son varios os fenómenos lingüísticos que se produciron debido ao contacto entre ambas as linguas. Aínda que se pode afirmar que mirandés (leonés) e portugués comparten territorio dende antes da aparición do Reino de Portugal sabemos que o contacto foi intensificándose co paso do tempo. Hai que sinalar que a presenza do portugués no territorio de fala mirandesa aumentou considerablemente na segunda metade do século XX coa melloría das comunicacións, a xeneralización do ensino, a construción dos encoros no río Douro e a chegada da radio e da televisión, entre outros factores.

A orientación evolutiva da lingua dominante, a falta dunha norma ou a excesiva variabilidade que se testemuña en mirandés (sobre todo no plano léxico e morfolóxico), o illamento do resto do dominio lingüístico (leonés e asturiano) son factores que tiveron un papel determinante nalgúns procesos que se documentan no mirandés contemporáneo e que serían dificilmente explicables sen ter en consideración o contacto



entre ambas as linguas e a relación que entre elas se estableceu: portugués lingua teito e mirandés lingua B.

Nesta comunicación imos analizar algúns fenómenos que son o resultado do contacto lingüístico entre ambas as linguas no plano léxico, morfolóxico e sintáctico.

Por outro lado, tamén nos ocuparemos doutro fenómeno en certo modo relacionado co contacto lingüístico, a saber: os casos en que os falantes de mirandés escollen solucións que se afastan deliberadamente da lingua dominante.



Ana R. Luís

Departamento de Línguas, Literaturas e Culturas, Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra

Breve CV: Ana R. Luís é Licenciada em Línguas Modernas pela Universidade de Coimbra, Mestre em Linguaxe e Lingüística pela University of Essex e Doutora em Lingüística nesta última. Imparte docencia na Universidade de Coimbra desde 1993, onde é profesora adxunta. A súa investigación xira arredor das línguas ibéricas e crioulas, con especial interese pola morfoloxía, o contacto, a variación e a mudanza lingüística.

Título da conferencia: *A mudança lingüística no contexto da crioulização: uma tipologia para o desenvolvemento morfológico*

Resumo

Crioulos de base lexical portuguesa são línguas que, tendo resultado do encontro da língua portuguesa com línguas africanas e asiáticas, desenvolveram estruturas lingüísticas próprias que diferem gramaticalmente das suas línguas de origem. Nesta apresentação, irei exemplificar algumas propriedades lingüísticas de crioulos portugueses, com recurso à morfologia crioula, mais especificamente com exemplos de reduplicação, derivação e flexão. A partir de uma comparação com a língua portuguesa, será meu objetivo classificar o desenvolvemento dos fenómenos de contacto em quatro tipos: fenómenos de perda, de continuação, de expansão e de inovação. Numa dimensão sociolingüística, tentaremos igualmente demonstrar que estes tipos de desenvolvemento resultam de uma complexa interação entre fatores lingüísticos, socioculturais e processos de aquisição.



Sara Gómez Seibane

Departamento de Filologías Hispánica y Clásica, Universidad de La Rioja

Breve CV: Sara Gómez Seibane é Doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidad de Deusto, foi profesora de lingua española na Facultade de Letras da Universidad de Castilla-La Mancha (2007-2014) e desde 2014 éo na Facultade de Letras e da Educación da Universidad de La Rioja. A súa actividade investigadora céntrase na morfosintaxe e sintaxe do español nun amplo marco cronolóxico e con especial atención ás situacións de contacto lingüístico do español e a lingua vasca, áreas que contribúen ao coñecemento de aspectos desatendidos pola Lingüística de contacto e a Lingüística diacrónica. Nesta liña, estudou a variación nos pronomes átonos, a orde de palabras e a súa relación coa estrutura informativa e o fenómeno coñecido como neutro de materia. Na actualidade, traballa sobre o dobrado de obxectos directos posverbais, e sobre certas partículas de modalización empregadas no castelán oral de zona vasca.

Título da conferencia: *Patrones de convergencia en lenguas tipológicamente no relacionadas: lengua vasca y castellano*

Resumo

La distancia tipológica entre el castellano y la lengua vasca, la única lengua no indoeuropea en Europa occidental, explica las diferencias en el orden de constituyentes, morfología o tipo de alineación de ambas lenguas (Trask 1997; García-Miguel 2015). Ello no impide, sin embargo, su mutua influencia y los cambios inducidos por contacto, cuyo detonante estriba en las necesidades comunicativas de los bilingües (Matras 2009). Estos detectan patrones o construcciones en apariencia próximos -el llamado “efecto de similitud” (Palacios y Pfänder 2014)- en ambas lenguas, e introducen en estructuras ya existentes de la lengua meta usos y valores innovadores que les permiten aprovechar al máximo el potencial expresivo de ambas lenguas.

Referencias

García-Miguel, J. M^a (2015). “Variable coding and object alignment in Spanish: A corpus-based approach”. *Folia Lingüística*, 49/1, 205-246.

Matras, Y. (2009). *Language Contact*. Cambridge: Cambridge University Press.

Palacios, A. y S. Pfänder (2014). “Similarity effects in language contact: Taking the speakers' perceptions of congruence seriously”. J. Besters-Dilger, C. Dermarkar, S. Pfänder y A. Rabus (eds.), *Congruence in Contact-Induced Language Change. Language Families, Typological Resemblance, and Perceived Similarity*. Berlin/Boston, De Gruyter, 219-238.

Trask, R. L. (1997). *The history of Basque*. London / New York, Routledge.



Carsten Sinner

Institut für Angewandte Linguistik und Translatologie, Universität Leipzig

Breve CV: Estudos de Tradución e Interpretación (castelán, portugués) (Humboldt-Universität Berlin e Universitat Autònoma de Barcelona), e Alemán como lingua estranxeira (Humboldt-Universität Berlin), socioloxía (Technische Universität Berlin); doutor en lingüística hispánica (Universität Potsdam), habilitación en Lingüística Románica e Estudos culturais (Humboldt-Universität Berlin); dende 2008 catedrático de Lingüística e Translatoloxía das Línguas Ibero-románicas (Universität Leipzig), director do Centro de Estudos Sefardís, do Centro de Estudos Galegos, do Centro de Estudos Cataláns e do lectorado de Vasco desta mesma universidade.

Título da conferencia: *El castellano en contacto con el catalán*

Resumo

La conferencia trata el contacto entre el castellano y el catalán en Cataluña. Después de un breve recorrido histórico por las diferentes fases del contacto lingüístico, se presentarán algunos ejemplos de las consecuencias lingüísticas que tiene para el castellano en Cataluña el contacto con el catalán. Se prestará especial atención a algunos de los cambios que se produjeron debido a la introducción del catalán en dominios anteriormente reservados para el castellano y a las dificultades metodológicas a la hora de determinar los resultados del contacto lingüístico en diferentes variedades diales del castellano en Cataluña.



Ramón de Andrés Díaz

Departamento de Filología Española, Universidad de Oviedo

Breve CV: Ramón de Andrés Díaz é profesor titular de Filoloxía Española e Asturiana na Universidad de Oviedo. A súa traxectoria investigadora vincúlase a variados aspectos relacionados co asturiano: descripción gramatical, léxico, normativa, situación sociolingüística, toponimia e dialectoloxía. Foi corredactor das *Normes Ortográfiques* e do *Diccionariu de la Llingua Asturiana*, e relator da *Gramática de la Llingua Asturiana*, obras da Academia de la Llingua Asturiana. Membro numerario da mesma e correspondente do Real Instituto de Estudios Asturianos. Coordina o grupo de investigación «Seminariu de Filoloxía Asturiana», da Universidad de Oviedo. Director dos proxectos «Estudio de la Transición Lingüística en la Zona Eo-Navia, Asturias (ETLEN)» e o «Observatorio Asturiano de Neología y Terminología» (AsturNeo)». Membro do comité de redacción da *Revista de Filoloxía Asturiana* e da Junta Asesora de Toponimia del Principado de Asturias. Entre os seus libros figuran: *Diccionariu temáticu de la llingua asturiana* (1991), *Encuesta sociolingüística nuna parroquia asturiana* (Deva-Xixón) (1993), *Gramática práctica de asturiano* (1997), *Cuestiones d'asturianu normativu* (2001-2003), *Juicios sobre la lengua asturiana. Algunas cuestiones básicas acerca del debate lingüístico en Asturias* (2002), *Diccionario toponímico del concejo de Gijón* (2008), *Lengua, ciencia y fronteras* (coordinador, 2011) e *Gramática comparada de las lenguas ibéricas* (2013). Coautor, xunto con Fernando Álvarez-Balbuena, Xosé Miguel Suárez e Miguel R. Monteavaro, da obra *Estudiu de la Transición Llingüística na Zona Eo-Navia, Asturias (ETLEN). Atlas dialectográficu - horiométricu - dialectométricu* (2017). Desenvolve tamén un intenso labor de divulgación en libros, ensaios e artigos de prensa.

Título da conferencia: *Contactu de llingües n'Asturies: asturianu, «amestáu» y castellanu*

Resumo

El contactu d'asturianu y castellanu n'Asturies produz dellos fenómenos típicos, unos glotolóxicos (interferencias, hibridaciones, etc.) y otros sociolóxicos, qu'entren en relación dialéctica. Una marcada diglosia o desequilibriu en funciones sociales fai que les influencias del castellanu seyan ininterrumpíes, invasives y progresives. En resultes, el sistema llingüísticu asturianu sufre un desgaste continuu, con una perda de diferencialidá qu'empobina a la disolución nel castellanu. Los efectos sociolóxicos son evidentes: perda de conciencia diferencial nos falantes, dialectalización, etc. Una mena d'asturianu urbanu, llamáu «amestáu», representa la etapa intermedia ente'l sistema tradicional y la castellanización total. El rescate del asturianu tradicional (güei minoritariu) por aciu del modernu estándar académicu, plantea un escenariu nuevu na situación asturiana.



Matilde Vida Castro

Departamento de Filología Griega, Estudios Árabes, Lingüística General, y Documentación y Filología Latina, Universidad de Málaga

Breve CV: Matilde Vida Castro é profesora da Área de Lingüística Xeral da Universidad de Málaga. Desde o ano 2001 forma parte do Grupo de Investigación “Vernáculo Urbano Malagueño (VUM)”. O seu labor investigador reflíctese na publicación de diversos traballos relacionados coa variación lingüística desde diferentes perspectivas: algunhas máis particulares, como as que abordan o estudo da realización variable de /-s/ posnuclear desde o punto de vista acústico e outras máis xerais (en colaboración co doutor Juan Andrés Villena Ponsoda), que describen os hipotéticos procesos de converxencia das variedades meridionais cara ao español estándar.

Título da conferencia: *Procesos de estandarización y divergencia dialectal en las variedades meridionales del español de España*

Resumo


En las investigaciones relativamente recientes de corte sociolingüístico realizadas sobre determinadas variedades del español meridional, se documentan una serie de patrones de comportamiento que pueden ser interpretados como procesos de convergencia hacia el estándar nacional. Los cambios que surgen a partir de estos procesos de estandarización, característicos de hablantes urbanos jóvenes de nivel sociocultural medio-alto, conviven con el mantenimiento de rasgos propios de las variedades andaluzas (Villena y Ávila 2014).

La coexistencia de rasgos convergentes y divergentes no solo da lugar a un conglomerado de variedades que caracterizan a cada uno de los grupos de hablantes que las utilizan, sino también a la emergencia de una hipotética variedad coinética, propia de hablantes urbanos cultos, que combina de manera aparentemente coherente distintos grupos de rasgos que permiten a sus usuarios proyectar una identidad mixta como ‘hablantes andaluces orientados hacia el estándar’ (Villena y Vida 2017a y 2017b).

En esta intervención se analizan los principales mecanismos sociolingüísticos que parecen activar los procesos de convergencia y divergencia dialectal que afectan a los principales sociolectos del español meridional.

Referencias

Villena-Ponsoda, Juan-Andrés and Antonio Ávila-Muñoz. (2014). Dialect stability and divergence in southern Spain. Social and personal motivations. In Kurt Braunmüller, Steffen Höder and Karoline Kühn (Eds.), *Stability and divergence in language contact. Factors and mechanisms*. Amsterdam: SILV John Benjamins. 207-238.



Villena-Ponsoda, Juan-Andrés and Matilde Vida-Castro. (2017a). Between local and standard varieties. Horizontal and vertical convergence and divergence of dialect in Southern Spain. In Isabelle Buchstaller and Beat Siebenhaar (Eds.), *Language Variation. European Perspectives VI*. Amsterdam: SILV John Benjamins. 125-140.



Victoria Vázquez Rozas

Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, Universidade de Santiago de Compostela

Breve CV: Profesora Titular de Lingua española no Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral da USC. Actualmente coordina o grupo de investigación Gramática do Español e mais un equipo da USC que participa na construción do CORPES XXI no marco dun convenio de colaboración coa RAE. Como membro do grupo GdE, participou no deseño e construción da Base de Datos Sintácticos do español (BDS) e nos proxectos relacionados con esta liña de investigación, de aí que boa parte dos seus traballos aborden aspectos sintácticos e discursivos do español cun enfoque baseado no uso. Nos últimos anos o seu interese polo uso rexistrado en corpus como base da investigación lingüística estendeuse ao campo dos corpus orais, tanto desde a perspectiva metodolóxica (deseño, construción, técnicas de obtención de rexistros de fala, transcripción, etc.) como de análise e explotación de corpus, unha investigación que vai en paralelo coa creación e enriquecemento do corpus ESLORA de español de Galicia, froito do traballo do equipo dos proxectos ESLORA, ESLORA2 e ESLORA+ (<http://eslora.usc.es/>).

Título da conferencia: *Variación e significado social de había + participio no español falado en Galicia: un estudo de corpus*

Resumo

Na presentación analízanse as relacións temporais expresadas por *había* + participio no corpus ESLORA de entrevistas con falantes de Santiago. Compárase o funcionamento da forma composta e da forma indicativa en *-ra* tendo en conta a súa distribución segundo as variábeis sociolingüísticas que estratifican a mostra. O estudo permite identificar os mecanismos lingüísticos e os factores sociolingüísticos que inflúen na extensión de *había* + participio ao valor de pretérito a partir do seu uso como antepretérito característico do castelán estándar. O diferente significado social (“indexical”) que os/as falantes atribúen a *había*+participio e á forma en *-ra* parece ser determinante na variación rexistrada no corpus (Silverstein 2003, Eckert 2008).



Alba Aguete Cajiao

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Breve CV: Alba Aguete Cajiao é licenciada en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela e cursou o Máster en Fonética e Fonoloxía da Universidad Internacional Menéndez Pelayo e o CSIC. Foi Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia en 2012. Forma parte do ILG dende o 2011, primeiro como bolsreira de colaboración e despois como contratada no proxecto *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA)*. Tamén forma parte do equipo que creou a plataforma de experimentación perceptiva FOLERPA, desenvolvida no Instituto da Lingua Galega. Estivo contratada dentro do programa de *Ayudas para la Formación del Profesorado Universitario (FPU2013)* do Ministerio de Educación, e realiza a súa tese de doutoramento (*Vocalismo galego. Motivacións fonolóxicas do cambio*) baixo a dirección do profesor Manuel González González e da profesora Elisa Fernández Rei. A súa actividade investigadora céntrase no estudo da fonética e da fonoloxía do galego, e máis particularmente no estudo da variación e o cambio no vocalismo galego.

Título da conferencia: *Contacto de linguas e variedades na emerxencia de novos modelos de vocalismo en galego*

Resumo

Nesta comunicación imos explorar os principais factores que motivan a aparición de novos modelos de vocalismo tónico en galego, prestando especial atención ao papel do contacto de linguas. Apoiándonos en datos experimentais do vocalismo da mocidade universitaria, discutiremos os argumentos a favor e en contra do contacto como principal factor involucrado na xénese de novos sistemas vocálicos en galego e trataremos de afondar na relación entre os factores sistémicos, que desencadean ou facilitan a variación interna, e o contacto do español coas distintas variedades de galego.